



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE 2013, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas do día vinte e nove de outubro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día quince de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201300000001272 de Dona María Teresa Gambino Fandiño.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Castro, 8-Illobre (San Andrés), solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda e edificación auxiliar consistente no cambio da cuberta (expediente núm.: 2013/U008/000014), emprazadas en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto presentado asinado por Eugenio Torreira Pais en calidade de arquitecto, cun orzamento que ascende a 7.100,00 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Construírse de acordo co contido do proxecto presentado e o prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate, dende a data de concesión da licenza

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e dous euros (#142,00#)

2.2.-Instancia núm. 201300000001298 de dona María Erminda Fuentes Fandiño



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Cibrán, 29 - San Xián de Sales, solicita licenza para obras de construción de cerre, de aproximadamente 36 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame (Expediente núm.: 2013/U009/000086), en solo rústico de protección agropecuaria segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión da licenza.

Garantírase o natural discorrer das augas, e en caso de existir una servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o cerramento irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado.

A altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

3º.- Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar.

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar de data 4 de outubro de 2013 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL) para o exercicio 2013 (DOG núm. 196/13, do 14 de outubro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar a dita axuda e aprobar a memoria-proxecto que desenvolverá o AEDL para a que se solicita a subvención.

4º.- Entrega de obras ao Concello por parte da Deputación da Coruña.

Dáse conta da Acta de entrega das obras e instalacións de Vedra, rede de sendeiros do territorio (Vilasantar, Sobrado, Toques, Melide, Santiso, Arzúa, Boimorto, O Pino, Boqueixón e Vedra), código da obra 8373/09, consistente na colocación de paneis informativos das rutas e apertura de sendeiros, realizada pola Deputación da Coruña ao concello de Vedra.

A Xunta de Goberno, acorda aceptar e recibir as citadas obras e instalacións, comprometéndose a partir da data á súa conservación e mantemento e á súa inscrición no inventario de bens patrimoniais.

5º.- Outros asuntos.

5.1.- Escrito núm. 2013000000001405 da ANPA do CPI de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que don Jorge Cerdeira Louro, en calidade de Presidente da ANPA “A BOCA” do CPI de Vedra , expón que están organizando unha



xornada de convivencia e difusión cultural na que pretenden contratar unha compañía teatral para unha representación, polo que solicita a concesión dunha axuda económica.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de douscentos cincuenta (#250,00#) euros, debendo para o cobro da mesma presentar xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

5.2.- Escrito núm. 2013000000001429 de SOGAMA.

Dáse conta do citado escrito no que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SOGAMA, informa da necesidade de tramitar un plan de viabilidade como consecuencia fundamentalmente dos cambios normativos acontecidos ao longo do último ano, a fin de poder garantir o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, polo que a partires do 1 de xaneiro de 2014, vaise aplicar un novo canon para todos os residuos municipais que se reciban, cuxa cuantía pasaría a ser 74, 64 euros sen IVE.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.3.- Escrito núm. 2013000000001438 da Dirección Xeral de Mobilidade.

Dáse conta do dito escrito da Dirección Xeral de Mobilidade no que, atendendo á petición deste concello segundo o acordo da Xunta de Goberno de data 15 de outubro de 2013, proceden a deducir do ingreso correspondente ás achegas por Transporte metropolitano de Galicia o remanente a favor do concello pola liquidación do gasto social do Transporte Metropolitano, resultando unha nova liquidación para 2012-2013 TMG por importe de 4.132,94 euros.

A Xunta de Goberno, acorda aprobar a dita liquidación.

5.4.- Escrito núm. 2013000000001451 da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta do escrito presentado polo representante da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, comunicando que van participar no VII Certame Galego 2013 de Bandas de Música Populares e achegando memoria de actuacións e gastos de participación, solicitan unha axuda económica para sufragar os gastos.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de mil (#1.000,00#) euros, debendo para o cobro da mesma, presentar xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

5.5.- Escrito núm. 2013000000001432 de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU.

Dáse conta do escrito presentado por don Enrique Font Martínez, en representación de VIAQUA, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU, no que comunica que se procedeu á escisión total de AQUAGEST, coa súa consecuente extinción, e á transmisión en bloque de todo o seu patrimonio a AQUADOM no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, na rama de actividade consistente no negocio relacionado co ciclo integral da auga, transmitiuse á sociedade VIAQUA, SAU, o que se comunica para os correspondentes efectos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno, dáse por informada.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de setembro

Nº Decreto	Data	Asunto
335	02/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Fco. Javier Fuentes Elice
336	04/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Isabel Sánchez Castro
337	04/09/2013	Alta no SAF de Emilia Domínguez Caamaño
338	04/09/2013	Alta no SAF de Rosa Neira
339	05/09/2013	Modificación no SAF de Dorinda Amalia Pérez Nieves
340	05/09/2013	Modificación no SAF de Rita Caldelas
341	05/09/2013	Desestimación do recurso presentado por Montaxes Eléctricos Fernández
342	06/09/2013	Tramitación de decretos deixando sen efecto a incoación de expte de imposición de multas coercitivas aberto a José Rendo González
343	06/09/2013	Tramitación de decretos de limpeza de leira en Torre-San Xián propiedade de Juan Angel Fernández Padín
344	06/09/2013	Solicitude dunha axuda para construción e mellora de parques infantís
345	09/09/2013	Cesión de local social á Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla
346	09/09/2013	Cesión de local social á Asoc. O Cruceiro da Ulla
347	10/09/2013	Concesión dun trienio a Mª Carmen Sada
348	10/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Adolfo García Fragoso
349	10/09/2013	Arquivo de expte de limpeza de leira en San Pedro de Sarandón denunciada por Alicia Fernández Villaverde contra Carlos Boo Cardama
350	10/09/2013	Requirindo a María de la Fuente Pedreira e Manuel Cabo Silva o corte de pólas de árbores que invaden vías municipais en Pousada de Abaixo-Vedra
351	10/09/2013	Incoación de expte de multa coercitiva a Manuel Cabo Silva e María de la Fuente Pedreira por non limpar leiras en Pousada de Abaixo-Vedra
352	11/09/2013	Alta no SAF de Encarnación Sebio Gómez
353	11/09/2013	Aprobación do expte de contratación de aforro enerxético
354	11/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Manuel Pazos Cutrín
355	12/09/2013	Concedendo modificación no horario da gardería aos menores Pablo Barreiro Mosteiro e Lois Carbia Barreiro
356	12/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Cristina Armental Outeiral e outra
357	12/09/2013	Cambio de titularidade e epígrafe do recibo da taxa do lixo de nave en Castrelo, 3 – Vilanova



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



358	12/09/2013	Pago da sentenza do TSXG a Pablo Fragoso Dacosta
359	16/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Noelia Requeijo Maroño
360	16/09/2013	Incoación de expte de reposición de legalidade por actividade de Bar denominado “Casal de Neira” en Avda. Mestre Manuel Gomez-Vedra sen licenza.
361	16/09/2013	Incoación de expte de reposición de legalidade por actividade de Restaurante denominado “Rincón de Esther” en Chaos-San Mamede sen licenza.
362	16/09/2013	Concedendo un prazo para presentación de probas testificais mencionadas nas alegacións por expte de reposición de legalidade de obras de construción de piares de Pousada de Abaixo a María de la Fuente Pedreira
363	16/09/2013	Designando a María Canedo de la Torre como xestor para envío de exptes ao Portal de EELL do MHAP
364	17/09/2013	Modificación do SAF a nome de Rogelio García
365	17/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Clemente Viñas Lata
366	17/09/2013	Cambio de domicilio no padrón de habitantes de Yolanda Costa Regueira
367	17/09/2013	Axudas fondo social do persoal municipal correspondente ao 2º cuatrimestre
368	18/09/2013	Alta no SAF de Carmen Pereiro Lema
369	19/09/2013	Autorización para celebración da festa de San Quietan en Marzán de Arriba
370	19/09/2013	Requirimento aos herdeiros de Consuelo Vázquez Patiño para tala de árbores en Texo
371	19/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Miguel Angel Varela Barizo e fillo
372	20/09/2013	Autorización para lanzamento de fogos de artificio na festa de San Quietán
373	24/09/2013	Concesión de praza na gardería municipal aos menores Martín González Maceiras e Álvaro Varela Guldrís
374	24/09/2013	Autorización para lanzamento de fogos de artificio en San Miguel de Sarandón
375	25/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Rubén Freire Núñez
376	25/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de M ^a Alicia Martínez Díaz e fillo
377	25/09/2013	Concesión de praza na gardería municipal á menor Andrea Pintado Mata
378	25/09/2013	Designación dos técnicos da Mesa de contratación para a obra de aforro enerxético
379	26/09/2013	Alta no SAF de Manuel Carril Núñez
380	27/09/2013	Transferencia de créditos dentro da mesma área de gastos entre aplicación de distinta vinculación xurídica: de 453-609 a 453-210
381	27/09/2013	Autorización de festa para unha foliada solidaria en Vedra
382	27/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Mónica Gabriela Scotto di Fasano



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.